

Consellos para organizarmos unha feira artística

Para acadar o reto final teredes que organizar unha feira artística para presentardes o voso traballo realizado ao longo do curso.

Para organizardes unha feira artística tedes que planificala detalladamente, xa que é unha oportunidade para expoñer e exhibir os vossos mellores traballos.

Tede en conta os seguintes pasos á hora de organizar a vosa feira:

- Elixir un nome para a feira: ten que ser orixinal, creativo e atractivo.
- Organizar equipos: cada equipo debe ter un rol e responsabilidades ben definidas.
- Elixir tanto a data como o lugar onde se vai desenvolver: teredes que pedir permiso para levala a cabo nun lugar amplo, accesible e seguro, que de cabida ás familias, alumnado e todas as persoas que conformen a comunidade educativa.
- Crear invitacións: que teñan que ver coa temática da feira e a programación dese día.
- Organizar postos e recunchos de exposición: onde expoñeredes os vossos produtos.
- Difundir o evento: creando cartelaría e promovendo a feira na páxina web do centro.



O símbolo pictográfico empregado é propiedade do Goberno de Aragón e foi creado por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasaac.org>), que o distribúe baixo Licenza Creative Commons BY-NC-SA .



“Consellos para organizar unha feira artística”, do proxecto cREAgal, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0